Organiza

VII CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

Xurdir, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través das secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura, organiza o **luns 17 de maio de 2021** a VII edición da Carreira Camiño das Letras, coa proba absoluta que partirá desde o Pico Sacro, seguindo a Ruta da Prata, ata a Cidade da Cultura; este ano adaptada ás novas circunstancias que vivimos por mor da situación provocada pola pandemia da Covid-19.

Esta carreira, que quere unir a práctica deportiva coa conmemoración do Día das Letras Galegas e co simbolismo do Camiño de Santiago, réxese polo seguinte

REGULAMENTO

1. Data, distancias e horarios

A **VII Carreira Camiño das Letras** terá lugar **o luns 17 de maio de 2021** e constará dunha proba absoluta na que poderán participar atletas federados e non federados que correrán (estes últimos) coa licenza de día da Federación Galega de Atletismo.

PROBA ABSOLUTA DE 15 KM

Esta **proba absoluta** (das categorías máster, sénior, sub23 e sub20) sairá a partir das **10.00 horas** desde as proximidades do Pico Sacro**,** e seguirá un circuíto de **15 km** ao longo da Ruta da Prata ou Camiño do Sueste, ata a Cidade da Cultura.

As persoas participantes deberán situarse na liña de saída 15 minutos antes da hora prevista pola organización para a súa saída (saídas de 2 en 2 participantes cada 20 segundos) para o comezo da carreira. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os designados pola organización.

2. Categorías de Competición por PROBA:

Proba absoluta 15 km:

- **SUB 20 / SUB 23** **M/F** atletas nados/as entre 1999 e 2003
- **SÉNIOR** **M/F** atletas nados/as entre 1998 e ata Máster
- **MÁSTER A** **M/F** atletas nados/as entre 1977 e 1986
- **MÁSTER B** **M/F** atletas nados/as entre 1967 e 1976
- **MÁSTER C** **M/F** atletas nados no 1966 e anteriores

3. INSCRICIÓNS:

Realizaranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com :

As inscricións estarán abertas ata o mércores 12 de maio ás 23.59 horas. Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido.

Haberá un límite de 200 prazas na proba pola normativa COVID da Xunta de Galicia (protocolo Covid da FGA); estas prazas estableceranse por rigorosa orde de inscrición. Unha vez completadas estas prazas non se admitirán inscricións. Deberá indicarse a marca en distancias de 10 km ou medio maratón para establecer a orde de saída dos/as corredores/as.

a) Os prezos de inscrición serán os seguintes:

PROBA	CATEGORIAS	PREZO
Proba absoluta 15 km aprox.	De Sub 20 / Sub 23 a Máster	**Do 16/04 ao 08/05 -> 8 €** **Do 09/05 ao 12/05 -> 10 €**

4. Entrega de dorsais

A entrega dos dorsais realizarase na oficina de XURDIR, Outeiro do Castiñeiriño, 73, baixo A (enfronte de Mobles Megalar), nos seguintes días e horarios:

- Venres 14 de maio de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas
- Sábado 15 de maio de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas

De xeito excepcional, permitirase a recollida dos dorsais na secretaría da competición situada na Cidade da Cultura, entre as 8.30 e as 9.00 horas.

É moi importante que os participantes lean o protocolo AntiCovid19 e que á hora de recoller o seu dorsal traian asinada a "DECLARACIÓN RESPONSABLE PARTICIPANTE NA ACTIVIDADE", sen esa declaración asinada non se lle poderá facer entrega do dorsal.

A cronometraxe realizarase mediante un sistema de chip-dorsal.

Os dorsais son persoais e intransferibles e han de ir colocados na parte anterior do corpo de forma totalmente visible, sen dobreces, e así deberán levarse durante toda a proba. O incumprimento deste artigo poderá ser motivo de descualificación.

5. Saída e novo formato proba

O formato empregado na proba será o de contrarreloxo con **SAÍDAS ESCALONADAS** cada 20" de 2 en 2 corredores, tratando en todo momento de xuntar un corredor rápido cun corredor lento para evitar contactos próximos ou posibles aglomeracións.

Deberá gardarse (ver protocolo covid da proba*) en todo momento a distancia mínima de 1,5 m de separación tanto na saída da proba, malia producirse calquera adiantamento entre corredores durante o transcurso da proba. Non respectar esta distancia pode ser causa de descualificación do atleta que infrinxa a devandita norma.

As persoas participantes deberán presentarse na liña de saída segundo o horario previo publicado pola organización e cunha máscara obrigatoria (a organización proporcionará, a maiores da que traian, unha máscara cirúrxica no momento de atravesar a liña de meta na Cidade da Cultura) e só a sacarán xusto no momento anterior á saída da proba, depositándoa nun recipiente destinado para tal efecto.

6. Zona de Presaída

Estará nas proximidades do Pico Sacro e as persoas participantes deberán presentarse coa máscara correctamente colocada na **ZONA DE PRESAÍDA** e non retirala ata recibiren a instrución da organización xusto antes da saída; nese momento e xusto antes de saír, a máscara depositarase nun recipiente habilitado para tal efecto na liña de saída ou, no seu defecto, a persoa participante levaraa consigo durante a proba (isto non será obrigatorio).

Aqueles/as atletas que non se presenten puntuais na zona de presaída non poderán participar na proba.

Os dorsais asignaranse atendendo á orde de saída, de xeito que a primeira persoa participante en saír levará o dorsal 1 e a derradeira o 200 no caso de chegar a esa cifra de persoas inscritas. A orde de saída establecerase previamente en función das marcas acreditadas polas persoas participantes.

As saídas serán de 2 en 2 cada 20 segundos, xuntando 2 atletas con marcas dispares nas distancias de 10 km ou medio maratón (un máis lento/a que o/a outro/a) para que en ningún momento se poidan dobrar.

Os/as atletas cos dorsais 1 e 2 sairán ás 10:00 horas.

7. Premios e agasallos

Todas as persoas participantes que se inscriban na proba recibirán no momento da recollida do dorsal e como agasallo da organización, **un libro** e mais o **diploma Camiño das Letras**, para unir a conmemoración do Día das Letras Galegas co simbolismo dos Camiños de Santiago.

A **entrega de premios ás persoas gañadoras** realizarase na zona de meta da Cidade da Cultura. Os premios non serán acumulativos.

- Os 3 primeiros/as clasificados/as da proba recibirán un trofeo deseñado especialmente para a proba e un lote de libros.
- Os tres primeiros clasificados de cada categoría establecida neste regulamento recibirán un lote de libros.
- O club federado do que máis atletas rematen a proba recibirá un trofeo e un lote de libros.

O acto de entrega de premios realizarase unha vez conclúa a proba e seguirá o protocolo Covid, mantendo unha distancia interpersoal de 2 metros en todo momento entre os premiados e as autoridades; deberán ter posta máscara e será o/a propio/a atleta quen recollerá o premio.

8. Avituallamentos

Estableceranse 2 puntos de avituallamento nos km **7,3** e **11,7** da carreira, onde se abastecerá de bebida ás persoas participantes. Na liña de meta, facilitarase a hidratación coa entrega de auga, zumes e froita.

Serán os/as propios/as atletas quen deberán recoller o avituallamento, que será colocado nunhas mesas para tal efecto totalmente desinfectado.

9. Servizos médicos

A proba disporá dos servizos médicos regulamentarios, así como de ambulancia.

SERVIZO DE AUTOBUSES PARA A PROBA DE 15 KM

OS AUTOBUSES PARTIRÁN DESDE A CIDADE DA CULTURA CUNHA FRECUENCIA DE 20 MINUTOS A PARTIR DAS 8:45 HORAS EN DIRECCIÓN Á ZONA DE SAÍDA. A DERRADEIRA SAÍDA SERÁ ÁS 9:15 HORAS . Antes de subir ao autobús tomaráselle a temperatura ás persoas participantes, que deberán levar máscara obrigatoria, seguindo sempre o protocolo establecido para o transporte público.

10. Reclamacións

Todas as reclamacións deberánselle facer verbalmente ao xuíz árbitro da competición, situado na zona de meta, non máis tarde de 30 minutos despois de que se publiquen os resultados oficiais.

11. Responsabilidade

A persoa participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para correr a proba. Ademáis exime a organización desta responsabilidade e que non presenta sintomatoloxía relacionada coa Covid-19, o cal lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade. A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse as persoas participantes polas súas imprudencias ou neglixencias.

A organización dispón dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

12. Lei de protección de datos persoais

Todos/as os/as corredores/as, incluídos menores de idade, ao realizaren a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e da súa imaxe nas clasificacións, nos medios de comunicación e en internet.

CONSIDERACIÓN DERRADEIRA

Todo o que non se reflicta neste regulamento rexerase polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF, por esta orde.

NOTA*:* Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición a persoa participante consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e responsabilidade civil así como a xestión da licenza de día e ránking popular de probas de ruta. En todo caso, e tal e como establece a Lei de protección de datos persoais, a persoa interesada pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo (avda. de Glasgow, 13, 15008, A Coruña).

Todas as persoas participantes, polo xeito de inscribirse, permiten que as imaxes, vídeos e entrevistas realizadas pola organización poidan publicarse nas rrss e páxinas webs oficiais.